

Expediente núm.: 847/2024

Memoria xustificativa

Procedemento: Contrato de Obras por Procedemento Aberto simplificado abreviado

Proxecto: “Mellora de camiños municipais: Camiño Cadaval e Xestal”

Plan: POS+2024 (Achega 2023), da Deputación Provincial da Coruña

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Introducción.

Redáctase a presente memoria para dar cumprimento ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 201/23/EU e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Visto o acordo do Pleno da Corporación, de data 31 de xaneiro de 2024 no que se inclúe a obra “**Mellora de camiños municipais: Camiño Cadaval e Xestal**”, no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS+2024 (Achega 2023), da Deputación Provincial da Coruña.

Visto a comunicación da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada nº 2024-E-RC-1723, de data 29/07/2024, pola que se levanta a condición suspensiva para a licitación da obra “**Mellora de camiños municipais: Camiño Cadaval e Xestal**”, tras a recepción das autorizacións sectoriais preceptivas da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, así como emisión de informe técnico municipal.

Denominación: “Mellora de camiños municipais: Camiño Cadaval e Xestal”

Código da obra: 2024.2000.0126.0

Orzamento: 58.865,22 euros, ive incluído

Financiamento: A actuación a desenvolver será financiada con cargo ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS+2024, Achega 2023, da Deputación Provincial da Coruña.

O proxecto da obra “**Mellora de camiños municipais: Camiño Cadaval e Xestal**”, foi redactado polo enxeñeiro de camiños D. Antonio J. Durán Maciñeira, cun orzamento de 48.648,94 euros e 10.216,28 euros de ive, o que importa un total de 58.865,22 euros.

Dito proxecto foi aprobado na sesión do Pleno da Corporación de data 31 de xaneiro de 2024, tendo a consideración de investimento financeiramente sostible.

2. Descrición da situación actual e obxecto do contrato.

De conformidade co artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo, en todo caso, segundo o establecido no artigo 25.2d d) competencia en Infraestrutura viaria.



Así mesmo, o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que os municipios deberán prestar, en todo caso, pavimentación das vías públicas.

Na actualidade, os camiños municipais que discorren por camiño Cadaval e Xestal presentan certos danos, principalmente fisuras e unha cantidade relevante de fochancas na calzada, froito da súa antigüidade, uso e a acción de axentes meteorolóxicos.

Debido a iso, considérase necesaria a renovación da superficie de interese, contemplando unha mellora a nivel estético e funcional, de maneira que se optimice a seguridade de todos os usufrutuarios da vía, tendo en conta tanto o tránsito vehicular como o peonil. Neste contexto, prevese a execución do seu pavimento mediante unha capa de M.B.C. tipo AC-16 SURF 50/70 D (D-12) con 5 cm de espesor en ambos os viais, destacando en áreas moi deterioradas, tales como o tramo completo de Xestal e un ramal do camiño Cadaval, a disposición de todo o paquete de firmes que consisten en: - Saburra artificial - Grava 30-50 mm. - Rega semiprofundo - Rega de imprimación - MBC tipo AC-16 Surf 50/70 Mentres que no resto das áreas realizarase unha regularización da superficie existente sobre a que posteriormente se aplicará a capa de mestura bituminosa, garantindo así unha renovación eficaz do firme actual.

3. Cualificación do contrato, valor estimado e xustificación do procedemento.

De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español diversas Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente contrato cualifícase como contrato de obras.

Visto as razóns de interese público e con obxecto de promover a concorrancia, transparencia, eficiencia e adaptación á nova normativa en materia de contratación pública e non demorar a tramitación do procedemento de contratación das obras, é preciso iniciar o procedemento de contratación.

O prezo estimado do contrato axústase aos prezos xerais de mercado, de acordo co disposto nos artigos 100.2, 101 e 102.3 da LCSP.

Visto o orzamento do proxecto, cun valor estimado 48.648,94 euros e 10.216,28 euros de iva, o que importa un total de 58.865,22 euros e, en virtude do establecido no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, considérase adecuado acudir ao procedemento aberto simplifícadísimo cun único criterio de adjudicación (factor prezo) de apreciación automática ou mediante fórmulas, e tramitación ordinaria.

Segundo o establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público a licitación levarase a cabo de xeito electrónico.

En canto a duración do contrato e, ao abeiro do establecido no proxecto de obras considérase a seguinte duración na execución do contrato de obras: 3 meses.



4. Análise técnica.

O proxecto da obra **“Mellora de camiños municipais: Camiño Cadaval e Xestal”**, foi redactado polo enxeñeiro de camiños D. Antonio J. Durán Maciñeira, cun orzamento de 48.648,94 euros e 10.216,28 euros de ive, o que importa un total de 58.865,22 euros.

No proxecto de obra figuran as condicións técnicas e requirimentos en relación a ditas actuacións. Consta así mesmo no expediente Informe técnico sobre dispoñibilidade dos terreos.

5. Estabilidade orzamentaria.

Non se aprecia incidencia pola execución desta obra na estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira por parte do Concello, xa que a devandita obra está financiada pola Deputación Provincial da Coruña, con cargo ao Plan Provincial de Cooperación ás obra e servizos de competencia municipal, POS+2024, Achega 2023, tendo a consideración de investimento financeiramente sostible.

6. Xustificación da non división en lotes do obxecto do contrato.

O proxecto da obra foi redactado e aprobado de acordo coas bases reguladoras do Plan Único de Concellos POS+2024, da Deputación Provincial da Coruña.

En canto á división en lotes da obra **“Mellora de camiños municipais: Camiño Cadaval e Xestal”**, consta no expediente administrativo Informe Técnico municipal no que se subscribe que o investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división xa que se dificultaría a súa correcta execución desde o punto de vista técnico.

Polo exposto anteriormente, por Resolución da Alcaldía 333/2024, de data 23 de abril de 2024, acordouse a non división en lotes de dita obra.

7. Mesa de contratación.

Á vista da regulación contida na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en canto á composición da Mesa de Contratación ou órgano de asistencia técnica, será determinada na Resolución da Alcaldía pola que se aprrobe o expediente de contratación.

O Alcalde,
Fernando Couce Rodríguez

